

Sirgal (Xirigal para moitos das ulloás e os ulloáns) é un deses enclaves rurais que, malia xogar un papel trascendental na historia de Galicia e aínda na da Península, pasa case desapercibido para propios e alleos.

Fican a simple vista sinxelos vestixios, que só aqueles máis avezados saben, que son testemuña dun pasado esplendoroso e fieis indicios de que na contorna existen abundantes restos para poñer de relevancia aqueles datos que xa sabemos pola historia pero, que a través dunha cata arqueolóxica se lles restituiría todo o seu significado histórico.

Hai tres enclaves principais na parroquia de Sirgal:

O primeiro deles trátase das inmediacións da área coñecida como Os Castros.

O segundo é a contorna da actual igrexa.

O terceiro é un espazo lindeiro entre as parroquias de Sirgal e Esporiz chamado Feiravella.

I. Contorna do Castro

Ao igual que acontece con outros recintos castrexos da bisbarra, como é o caso de Ligonde, tamén os restos desta edificación prerromana reciben un nome en singular “**O Castro**” e outro en plural “Castros de Sirgal”, por algúns dos moradores das aldeas inmediatas. De novo incidimos en que tería que ser a través dunha excavación arqueolóxica como se determinaría a existencia fehaciente ou non, de máis dun reducto castrexo. A simple vista determínase un elevado promontorio resgardado por altas murallas, as cales se atopan esborralladas nalgúns dos seus puntos. Os castros son os antecedentes das nosas aldeas dende o período prerromano. Algúns deles despoboáronse coa romanización, outros adaptáronse ao modo constructivo do pobo invasor. No caso de Sirgal parece que “continuou” habitado por moitos séculos porque sobre él erguíase na Idade Media o resonado **Castelo**, tal como defenden autores coma Cabana Outeiro e Xohán Cabana. Outravolta temos que acudir á recurrida cata arqueolóxica. Só a través da mesma poderemos saber se se interrompeu nalgún intre o poboamento na aldea castrexa dende a etapa previa á romanización ata a demolición do castelo.

Algunhas das persoas anciás da parroquia dan fe de como moitas das edificacións da contorna empregaron pedra dos cimentos do malparado castelo pois as que formaron parte dos muros remataron dándolle forma á Torre de Penas. A razón que o levou a desaparecer foron as ordes reais emitidas primeiro polos Reis Católicos e despois por Carlos I, esixindo o derrubamento daquelas fortalezas nas que vivían grandes de Galicia e que tiñan manifestado o seu desaprobamento á coroa de Castela ou tomado decisión que non gustaran aos monarcas. O Castelo de Sirgal, berce dos Arias, foi afectado por tales medidas.

O poboamento do sitio onde se ergueu o castelo remóntase varios milenios atrás pois nas inmediacións tamén se acha alomenos unha **rocha con gravados en forma de coviñas e outra co que podería ser un altar de rituais**. Este tipo de altares non son alleos á bisbarra onde se conservan outros (A Cariza en Bidouredo, A Serra en Ligonde...). Os altares de rituais exténdese por outros puntos de Galicia e aínda por distintos territorios europeos sendo os máis coñecidos os irlandeses. Existe



moita literatura sobre os mesmos, pero segundo os datos ofrecidos polos monxes irlandeses do século VII tratábanse de lugares de cerimoniais rituais para a ascensión do poder. A corroborar esta hipótese contribuirían topónimos como Pena do Rei ou Silla da Raíña noutros puntos do concello de Monterroso. Algúns autores teñen visto nel un mero altar de inmolacións. Non é esta última unha hipótese que se poida descartar completamente, sobretudo, tendo en conta a presenza de altares que funcionaron como tales ata os anos sesenta do século pasado tal como aconteceu no Sangradoiro de Salgueiros, por exemplo.

Tamén nas inmediacións do Castro queda un **sartego antropoide** no que ata a actualidade se viñan celebrando un ritual consistente en empregar a auga nel depositada para



lavar a cara e as mans no solsticio de verán, concretamente o día de San Xoan ao amencer. A finalidade era curativa e profiláctica, é dicir, para manterse belido e coa pel sana o resto do ano. Mesmo era empregada para curar certos males dos animais da cabaña gandeira.

Di a lenda popular que a auga recollida neste habitáculo permanece incorrupta o resto do ano. A presenza deste sarcófago semisoterrado estanos informando do lugar que ocupou a primitiva igrexa e o seu camposanto e tamén da pervivencia de cultos pagáns que era preciso cristianizar.

A presenza deste ritual ancestral en combinación coa conservación dunha lenda a carón dun enclave singular e nunha data propicia (o solsticio de verán) demostra que este sitio era un lugar onde tiñan lugar determinados cultos. É preciso un estudo de maior envergadura no que se desentrañe o significado último desta estación e se poñan en relación os distintos elementos que forman parte da mesma (castro, rochas gravadas, ceremonial hídrico e lenda).

De momento, o só a modo de recordatorio, lembrar que o día máis longo do ano era o momento idóneo para as investiduras, para a renovación de contratos e para as principais cerimoniais anuais entre as tribus prerromanas xunto co primeiro de novembro.

A carón do sarcófago érguese un sinxelo **cruceiro** en loita pola cristianización do lugar da Eirexe Vella onde siguen pervivindo cultos precristiáns.



II. A igrexa

O actual edificio parroquial non é o orixinario e malia que loce algúns elementos previos, trátase dun exemplar neoclásico. Ten planta rectangular, ábsida cadrada e sancristía pegada ao alzado esquerdo do presbiterio.



Os muros que a conforman son de cachotaría e cadeirado de granito, e a cuberta de tella a dúas augas. A portada está rematada nunha espadaña de dous vans. Conserva no altar maior un retablo de estilo Neoclásico.

É significativo o seu alzamento sobre un solar granítico, unha gran rocha erosionada a que supoñemos que non estaría carente de ritos previos pois historicamente foi unha costume arraigada

erguer os templos sobre lugares xa de por si considerados sagrados.

III. **A Feiravella**

Co nome de Feiravella coñécese un solar que historicamente servía de lindeiro entre San Miguel de Esporiz e Santo André de Sirgal (así se define no Catastro de Ensenada). A súa importancia radica en ser o primixenio solar coñecido da Feira de Monterroso como tal (recordemos que temos documentos da mesma dende o 1278) e interésanos especialmente por ser o punto comercial máis próximo do que temos constancia nas veciñanzas do Castelo de Monterroso e, polo tanto, foi lugar seguro de avituallamento e intercambio comercial non só para os residentes no castelo senón para as aldeas dos arredores.

María José Gómez Alvite
Instituto de Estudos Ulloáns



INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS